

RESOLUCIÓN

Expdte.- 2023/EGFAB/000131

Asunto: Modificación da convocatoria de subvencións a través de incentivos a contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego “Realización de mobiliario urbano e restauración de zonas verdes municipais 2”

I.- Que por Resolución da 5ª Tenente de Alcalde, delegada de Deportes, Formación e emprego, Turismo e Promoción Económica nº 20230104068, do 08/08/2023, foi aprobada a convocatoria de subvencións a través de incentivos a contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do Obradoiro Dual de Emprego “Realización de mobiliario urbano e restauración de zonas verdes municipais 2”.

No punto I. da convocatoria indícase o seguinte:

“As contratacións temporais que se beneficien desta convocatoria teran unha duración mínima de 3 meses, deberán reunir os requisitos establecidos nas presentes bases e teran que formalizarse no prazo máximo de 20 días dende que se lle notifique a concesión da axuda.”

II.- A concesión das axudas foi notificada con data 07/11/2023. Unha vez recepcionada polas empresas dita resolución foronlle remitidos os CV dos alumnos para que iniciaran o proceso de selección para a súa incorporación.

III.- As empresas do ramo da construción e xardinería pechan por convenio a partires do 22 de decembro ata o 08 de xaneiro, por motivos do parón navideño. Este ano ano ademáis a primeira semana de decembro ao coincidir os festivos do 6 e 8 de decembro en mercores e venres, moitas empresas ou non traballaron o 7 ou non traballaron xa en toda a semán.

Por este motivo a maioría das empresas beneficiarias comunicaron ao Concello que era imposible contratar aos alumnos nese prazo xa que iso implicaría concederlles un periodo de vacacións nas navidades - por peche da empresa - que os traballadores aínda non tiñan xerado. Polo cal, de manterse dito prazo, veríanse obrigadas a renunciar á subvención concedida.

IV.- Estas subvencións teñen a importantísima finalidade social de mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas mediante a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo. Polo cal consideramos, que sendo xusta e razoable a ampliación do prazo devandita, cómpre facer todo o necesario para que se manteña o compromiso das empresas de contratar ao alumnos, e polo tanto, modificar a convocatoria neste apartado, modificando o prazo para a formalización dos contratos.

Á vista do exposto, en exercicio das facultades que foron delegadas a esta Tenencia de Alcaldía a través do Decreto de Alcaldía número 2023003281, de 21 de xuño de 2023



RESOLVO:

Primeiro.- Modificar a Convocatoria das subvencións a través de incentivos a contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do Obradoiro Dual de Emprego “Realización de mobiliario urbano e restauración de zonas verdes municipais 2, aprobada por Resolución da 5ª Tenente de Alcalde, delegada de Deportes, Formación e emprego, Turismo e Promoción Económica nº 20230104068, do 08/08/2023 do seguinte xeito:

No párrafo 3 do punto I, onde dí:

“As contratacións temporais que se benefician desta convocatoria terán unha duración mínima de 3 meses, deberán reunir os requisitos establecidos nas presentes bases e terán que formalizarse no prazo máximo de 20 días dende que se lle notifique a concesión da axuda.”

Debe decir:

“As contratacións temporais que se benefician desta convocatoria terán unha duración mínima de 3 meses, deberán reunir os requisitos establecidos nas presentes bases e terán que formalizarse como data límite o 15 de xaneiro do 2024”

Segundo.- Que se publique o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, por conduto da BDNS, de acordo co prescrito pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Quinta Tenente de Alcalde, delegada de Deportes, Formación e emprego, Turismo e Promoción Económica, e o/a Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

